

2000: aumentan as desigualdades sociais

Apesar de que as principais variábeis económicas galegas teñen aparentemente un bo comportamento no ano 2000, isto non é contraditorio co título que lle demos a este boletín, xa que non podemos falar somente de incrementos da riqueza, senón tamén de distribución desta, e é aquí onde os resultados non son nada boiantes.

É certo que se deu un incremento importante da economía e tamén do número de empregados, pero o novo emprego é maioritariamente en precario, con contratos temporais de duración moi escasa ou a tempo parcial xunto con perda de poder adquisitivo por parte dos traballadores; neste contexto, vemos como a participación do total dos traballadores na renda nacional se mantivo practicamente constante, polo que se dá un maior traspaso de rendas cara ao capital e os empresários. A seguir, achegamos a información que nos permite facer a dita aseveración.

1 O ano 2000 rematou cun medre da economía galega do 3,9%

Os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística, que se acaban de publicar, permiten-nos ver cal foi a evolución do Valor Engadido Bruto de economía galega no 2000, así como a súa distribución sectorial e trimestral.

Variacións do Valor Engadido Bruto										
	1999					2000				
	media	1º	2º	3º	4º	media	1º	2º	3º	4º
Agricultura e pesca	0,8	0,0	1,0	1,3	1,0	-1,3	0,2	-0,8	-1,5	-3,0
Industria	3,9	3,7	3,9	3,9	4,1	4,8	4,6	4,8	5,0	4,8
Construción	7,8	7,6	7,8	8,2	7,7	6,5	6,7	6,5	6,5	6,3
Servizos	4,3	3,8	4,4	4,7	4,4	3,7	3,9	3,8	3,5	3,4
Total	4,2	3,8	4,2	4,5	4,3	3,9	4,1	4,0	3,8	3,6

Fonte: Contabilidade Trimestral de Galiza. IGE.

Xunto aos datos para o ano 2000, que son provisionais, aparecen os definitivos referentes a 1999 que modifican á alza os coñecidos até o de agora. O IGE facilitara un incremento da produción para o ano 1999 do 3,8%; nos datos definitivos que acaba de publicar, cuantifica o incremento do ano anterior no 4,2%, 4 décimas superior. Con respecto ao resto do Estado español manteñen-se as mesmas diferenzas xa que estes tamén foron modificados á alza na mesma proporción.

A economía galega medrou un 3,9% no 2000, tres décimas menos que o ano anterior, segundo os datos definitivos, rompendo así coa tendencia ascendente dos últimos tres anos, onde se produciran incrementos continuados. Xa no cuarto trimestre de 1999 se enxergaba unha lixeira desaceleración, que a medida que transcorria o 2000 se foi confirmando. Comezou o ano cun aumento do 4,1% no primeiro trimestre e rematou cun 3,6% no cuarto.

O empioramento da actividade económica en Galiza tamén se reflicte se a comparamos co resto do Estado español; neste último o VEB medrou un 4,1%, catro décimas máis que en 1999 e dúas máis que a economía galega; mantivo-se polo tanto no ciclo ascendente e afondaron as diferenzas con respecto a Galiza.

A economía galega medrou un 3,9%, tres décimas menos que o ano anterior e dúas menos que o resto do Estado

No que atinxe á distribución sectorial da produción, a evolución foi moi diferente. O sector primario foi o que apresentou o peor comportamento: descendeu un 1,3% con respecto ao ano anterior. O comportamento negativo xa comezou no segundo trimestre do 2000, pero foi-se agravando a medida que trascorria o ano; a crise das vacas *tolas*, así como as fortes chubias que se produciron neste final de século, aceleraron esta descenso, polo que se produciu no cuarto trimestre unha caída do valor engadido neste do 3%.

O sector industrial aumentou un 4,8%. Foi o único sector que apresentou un comportamento mellor que en 1999; até o terceiro trimestre mantivo un crecemento constante; o cuarto trimestre xa reflecte unha lixeira desaceleración; aínda así rematou o ano cun incremento case 1 punto superior a 1999.

A construción continuou ao longo do 2000 como o sector máis dinámico da economía galega, aínda que cun incremento menor que o ano anterior. No ano 2000 medrou un 6,5% mentres que en 1999 o fixera nun 7,8%. O descenso, que xa comezara no cuarto trimestre de 1999, foi constante ao longo do 2000.

No que atinxe ao sector servizos, medrou un 3,9% —4,3% en 1999— e, ao igual que o resto dos sectores, foi perdendo intensidade a medida que avanzaba o ano; comezou cun crecemento do 3,9% no primeiro trimestre para rematar o ano no 3,4%.

Malia este menor crecemento do sector servizos no último ano, este achega máis do 50% do valor engadido bruto da economía galega no último ano. O que achega cada sector, así como a evolución nas últimas décadas, amosamo-lo no cadro seguinte:

Achega sectorial ao VEB galego			
	1980	1990	2000
Agricultura e pesca	12,5	11,4	7,9
Industria	27,7	29,1	31,7
Construción	9,2	9,1	8,6
Servizos	50,4	50,3	51,7
Total	100	100	100

Fonte: Contabilidade Trimestral de Galiza. IGE. %

O máis significativo do cadro anterior é a forte perda de peso que vén padecendo o sector primario na economía galega, a favor, sobretudo, do sector industrial, xa que é este o que máis aumenta a súa participación no total do VEB.

Os cambios maiores produciron-se na década dos noventa. Foi nestes últimos 10 anos cando o sector primario sufriu o descenso máis acusado; mentres na década anterior perdera un punto no total do valor engadido, na década dos 90 foron 3,5 puntos.

O sector industrial mantén un crecemento equilibrado ao longo dos últimos 20 anos, mellorando en 4 puntos a súa participación no total da produción galega.

Ao contrario do que maioritariamente se comenta sobre a terciarización da economía galega, o peso do sector servizos non variou significativamente nos últimos anos no que á produción se refire; mesmo perdeu peso lixeiramente na década dos oitenta aínda que recuperou na década dos noventa, incrementando un 1,3 puntos o seu peso porcentual.

As mulleres galegas cobran un 30,9% menos que os homes

Máis unha vez, ao rematar o ano, o Instituto Nacional de Estatística publica a enquisa de salários na industria e nos servizos correspondente ao cuarto trimestre do ano que remata; xunto a estes resultados trimestrais facilita-nos os datos das medias anuais no correspondente ao total dos pagamentos de homes e mulleres conxuntamente. Con estes datos podemos facer-nos unha primeira idea da situación salarial das galegas e dos galegos, comparativamente co que ocorre no resto das comunidades do Estado español.

Ganancia por traballador e mes				
	Total ¹	Homes	Mulleres	Ratio Muller/Home
Andalucia	209.311	248.884	171.029	68,7
Aragón	230.644	290.084	164.948	56,9
Asturias	246.312	280.565	176.284	62,8
Baleares	206.489	259.154	179.022	69,1
Canarias	194.783	229.492	165.587	72,2
Cantabria	225.921	274.840	181.465	66,0
Castela – A Mancha	192.374	232.335	145.788	62,7
Castela e León	220.838	268.800	171.550	63,8
Catalunya	238.960	291.656	205.340	70,4
Valencia	204.986	248.316	170.611	68,7
Extremadura	189.367	221.694	159.805	72,1
Galiza	201.162	240.926	166.416	69,1
Madrid	269.162	322.796	235.846	73,1
Murcia	181.773	225.039	145.433	64,6
Navarra	246.308	294.189	196.483	66,8
País Vasco	273.935	332.440	225.174	67,7
A Rioxa	212.759	262.747	177.258	67,5
TOTAL	230.325	270.843	204.245	75,4

Fonte:INE. Enquisa de salários na industria e nos servizos. IV trimestre 2000.

Malia todas as declaracións de boas intencións que desde distintos medios se formulan, o certo é que as diferenzas salariais entre homes e mulleres seguen sendo profundas e, o que é máis grave, agrandando dun ano para outro. Se en 1999 as mulleres cobraban de media o 76% que os homes, a finais de 2000 as diferenzas aumentaron en 6 décimas. Aínda que non é moi grande cuantitativamente a cantidade si o é cualitativamente a tendencia xa que, en vez de reducir-se, se amplía esta fenda.

No caso de Galiza a evolución é máis negativa, mentres en 1999 as mulleres cobraban o 71,3% do dos homes, no 2000 o 69,1%, é dicir, ampliou-se a diferenza en 2,2 puntos.

As mulleres galegas, cun salario medio de 166.416 pesetas, son as sextas peor pagadas do Estado español despois de Aragón, Canarias, Castela-A Mancha, Extremadura e Murcia. Con respecto á media estatal feminina, a diferenza é dun 18,5%.

No caso dos homes, as diferenzas entre comunidades son menores. Os homes galegos cobran un 11% menos que os seus colegas do resto do Estado.

Centrando-nos nos salários totais, o *ranking* de salários por comunidades non amosa diferenzas substanciais con outros anos. O País Vasco segue sendo a comunidade cos salários máis altos, seguida de Madrid e Asturias. Galiza ocupa o posto trixésimo terceiro, somente por diante de Murcia, Extremadura, Castela-A Mancha e Canarias, exactamente no mesmo posto en que se encontraba en 1999.

Con respecto a 1999, os saláridos incrementaron-se de média un 2,3%. No caso dos saláridos dos galegos o incremento foi lixeiramente maior, un 2,6%, apesar do cal existe unha perda evidente de poder adquisitivo por parte da clase traballadora, xa que a inflación interanual aumentou un 4% no caso da média estatal e un 3,7% no caso de Galiza, o que significa a perda de máis de 1 punto no caso dos galegos.

Este é o segundo ano consecutivo onde se produce unha perda importante de poder adquisitivo. Os datos amosamo-los no cadro seguinte, xunto aos da evolución da participación das rendas dos traballadores no PIB.

	Incremento Salarial (1)	IPC galego (2)	Participación dos asalariados no PIB (3)
1999	2,47	3,2	50,1
2000	2,95	3,7	50,4

Fonte: (1) CGRL. (2) e (3) INE

Os traballadores que non teñen cláusulas de garantía salarial previstas nos distintos convénios colectivos perderon de média 1,6 puntos de poder adquisitivo nestes últimos dous anos. Esta perda reflecte-se na participación dos traballadores no Produto Interior Bruto, xa que temos que ter en conta que tanto 1999 como 2000 foron anos de importantes medres no número de ocupados, e en cambio apenas variou a súa participación na renda, no que influe tanto a perda de poder adquisitivo como a precarización do emprego que prima nos últimos anos e que se manifesta sobretudo no alto número de contratos temporais que se rexistran e na escasa duración destes, como veremos nun apartado posterior deste mesmo boletín.

Mercado laboral

En primeiro lugar temos que chamar a atención sobre as modificacións que se levaron a cabo na Enquisa de Povoación Activa ao longo do 2000 e que modifican substancialmente as comparacións interanuais. No primeiro trimestre do 2000 fixo-se unha actualización do seccionado, o que levou a que, de media, e para a media estatal, entre un 0,5 e un punto das variacións que se produciron neste último ano se deben a estas modificación e non a variacións reais do mercado laboral, referencia que temos que ter en conta para o caso galego.

Evolución das principais variábeis básicas		
	1999	2000
Povoación maior de 16 anos	2.319,7	2.326,4
Activos	1.123,8	1.157,9
Ocupados	941,6	986,6
Parados	182,1	171,3
Inactivos	1.187,7	1.162,9

Fonte: Enquisa de Povoación Activa. Dados en miles. Médias anuais.

Tendo en conta as consideracións anteriores, cumpre destacar, en primeiro lugar, do cadro anterior o incremento da poboación maior de 16 anos en Galiza nun 0,2%, incremento que se reparte tanto nun aumento dos activos como dos inactivos, pero maior no caso dos activos que medraron un 3%, aínda que tamén os inactivos se incrementaron nun 2,13%.

Dentro dos activos é ben destacar un aumento importante da poboación ocupada galega dun 4,7%, así como un descenso do número de parados do 5,9%.

A reponta no número de activos levou a un novo incremento da taxa de actividade neste último ano de máis de 1 punto situando-a no 49,7%. Mália que o aumento foi lixeiramente maior entre as mulleres que entre os homes, persiste a diferenza en torno aos 20 puntos que nos últimos anos xa parece se está convertendo en estrutural no mercado laboral galego.

A taxa de actividade entre os homes alcanza o 60,2%, mentres o das mulleres apenas supera o 40%; esta baixa taxa de actividade feminina xunto ás elevadas taxas de paro entre as mulleres é un dos males endémicos do noso mercado laboral.

**A taxa de actividade feminina situa-se no 40,2%,
mentres a masculina no 60,2% a finais do 2000**

A evolución da taxa de actividade é ascendente ao longo de todo o 2000 deica o último trimestre onde xa reflecte un lixeiro descenso. Non ocorre isto somente coa taxa de actividade; o resto das variábeis tamén no último trimestre comencan a mostrar un declive.

Continua o aumento da taxa de asalarización en Galiza

No ano 2000, o maior incremento da ocupación por categorías profesionais deu-se un ano máis entre os asalarados, concretamente aumentaron un 5,6%, pasando a representar o 71,4% da poboación ocupada galega.

O 71,4% da poboación ocupada galega son asalarados

Ao longo da década dos 90 o aumento da asalarización foi moi forte; nestes últimos 10 anos aumentou un 27,8% os ocupados como asalariados, mentres os empresarios e as axudas familiares descendieron fortemente, fenómeno moi ligado á evolución do sector primario.

Neste último ano o número de ocupados como axudas familiares mantivo-se mentres os empresarios aumentaron lixeiramente, concretamente un 2,8%.

Xunto a esta maior asalarización da economía deu-se un aumento da precariedade deste tipo de emprego, sobretudo se o medimos en termos de temporalidade: no ano 1990 o número de asalariados con contrato temporal acadaba o 26,4% do total, a finais do 2000 situa-se no 34,3%. Os datos dos catro últimos anos reflectimo-los a continuación:

Asalariados segundo tipo de contrato								
	1997		1998		1999		2000	
	Total	%	Total	%	Total	%	Total	%
Cont. indefinido	365,5	64,5	396,8	65,8	420,8	66,1	441,3	65,6
Cont. temporal	194,7	34,3	201,1	33,3	215,8	33,9	231,3	34,3
Non clasificábeis	6,2	1,0	4,6	0,7	-	-	-	-
TOTAL	566,5	100	602,6	100	636,6	100	672,6	100

Fonte: Enquisa de Povoación Activa, datos en miles. Médias anuais.

O aumento dos asalariados no último ano foi maior entre os que teñen un contrato temporal que entre os indefinidos, polo que a taxa de temporalidade volveu novamente a incrementar-se, alcanzando no ano 2000 o 34,3%, situando-se porcentualmente nos mesmos valores que en 1997, ano de posta en marcha da última reforma laboral que pretendía, fundamentalmente, reducir estas altas taxas de temporalidade e que, como demostran os datos anteriores, non cumpriu os obxectivos para os que foi definida.

O aumento da temporalidade no mercado laboral galego tamén se reflecte no elevado número de contratos temporais que se rexistraron no último ano, concretamente un 92,6%. Os datos ofrecemo-los a seguir:

Contratos segundo modalidades de contratación						
	1998		1999		2000	
	Total	%	Total	%	Total	%
Duración temporal	529.066	92,18	604.065	91,54	641.298	92,59
Por obra ou servizo	195.503	34,06	215.762	32,70	223.027	32,20
Eventual por circunstancias da produción	149.570	26,06	186.425	28,25	205.344	29,65
Interinidade	34.066	5,94	42.610	6,46	43.264	6,25
Temporal para minusválidos	227	0,04	222	0,03	326	0,05
A tempo parcial	108.436	18,89	105.102	15,93	111.150	16,05
Subst. por xubilación aos 64 anos	86	0,01	72	0,01	89	0,01
Prácticas	5.228	0,91	5.793	0,88	6.255	0,90
Formación lei 63/97	13.155	2,29	16.060	2,43	13.361	1,93
Minusválidos en CEE	255	0,04	372	0,06	391	0,06
Outros	22.540	3,93	31.647	4,80	38.091	5,50
Duración indefinida	44.895	7,82	55.827	8,46	51.293	7,41
Indefinidos ordinarios	10.054	1,75	10.367	1,57	12.718	1,84
Indefinidos lei 63/97	14.414	2,51	16.782	2,54	19.835	2,86
Minusválidos	298	0,05	437	0,07	535	0,08
A tempo parcial	5.348	0,93	6.774	1,03	7.723	1,12
C. convertidos en indefinidos	14.781	2,58	21.467	3,25	10.482	1,51
Total	573.961	100,00	659.892	100,00	692.591	100,00

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados polo INEM.

Neste último ano, foron contratos asinados baixo algunha das modalidades de duración temporal os que en conxunto medraron con respecto ao ano anterior, aumentando máis de 1 punto o peso sobre o total da contratación, até acadar o 92,59% do total dos contratos rexistrados.

O número total de contratos indefinidos asinados en 2000 descendeu un 8,12% a consecuencia da forte caída que sufreron os contratos convertidos en indefinidos, que baixaron máis do 50% con respecto a 1999. Así, os contratos rexistrados cunha duración indefinida alcanzan o 7,41% do total, un punto menos que o ano anterior, o que en valores absolutos significa 51.293 contratos.

No 2000 o 7,41% dos contratos rexistrados teñen unha duración indefinida

Dentro dos contratos de duración indefinida, ao longo do 2000, foron os indefinidos ordinarios os que máis medraron, concretamente un 22,68%, pasando a representar o 1,84% dos contratos (1,57% en 1999), e o 24,8% dos de duración indefinida.

Apesar deste medre importante dos indefinidos ordinarios, son os indefinidos suxeitos á lei 63/97 os máis numerosos; no ano 2000 rexistraron-se 19.835 baixo esta modalidade.

Os convertidos en indefinidos descenderon fortemente en 2000, consecuencia sobretudo de se limitaren as axudas á transformación en indefinidos aos contratos de aprendizaxe, prácticas, formación e de relevo vixentes ao entrar en vigor a lei 55/98. Con estas restricións, o número de contratos asinados baixo esta modalidade descendeu un 51,17%, acadando en valores absolutos os 10.482 contratos, o 1,5% do total. No ano anterior rexistraran-se o 3,25% dos contratos baixo esta modalidade.

Os indefinidos a tempo parcial é outra das modalidades que aumenta ano a ano; en 2000 acadaron-se os 7.723 contratos un 1,12% do total.

Os contratos de duración temporal son os máis numerosos; no ano 2000 chegan ao 92,6% do total de contratos rexistrados baixo algunha das distintas modalidades que a lexislación permite, o que en valores absolutos equivale a 641.298 novos contratos, un 6,2% máis que o ano anterior.

Os contratos temporais supoñen o 92,6% do total

Para medir a rotación que existe no mercado laboral galego, temos que comparar o número de contratos rexistrados de duración temporal (641.298) co número de asalariados con contrato temporal (231.300), o que nos dá unha media de 2,77 contratos por persoa.

Cada traballador con contrato temporal tivo unha media de 2,77 contratos ao longo de 2000

A rotación no emprego é maior entre as mulleres que entre os homes; mentres que nestes últimos o número medio de contratos por persoa foi de 2,6, entre as mulleres foi de 3,12.

As modalidades máis utilizadas dentro da contratación temporal seguen sendo as de por obra ou servizo e os eventuais por circunstancias da produción, xuntos alcanzan o 61,8% do total dos contratos rexistrados.

Os contratos por obra ou servizo determinado seguen sendo os máis numerosos, xa que este tipo de contrato se adapta perfectamente ao típico contrato temporal ordinario; así a maioría deles teñen unha duración indeterminada. Neste ano celebraron-se 223.027 baixo esta modalidade, un 3,37% máis que en 1999.

Os eventuais por circunstancias da produción, ano a ano, van collendo máis adeptos. Son contratos cunha duración máxima de 6 meses dentro dun período de 12 –aínda que tanto a duración como o período se poden variar por convénio colectivo, nunca o período pode ser superior a 18 meses nen a duración exceder das tres cuartas partes do período– para a realización de traballos relacionados coa actividade normal da empresa cando as circunstancias así o requireiran.

Este tipo de contrato aumentou un 10,15% en 2000, o que significou 18.919 contratos máis dos rexistrados baixo esta modalidade o ano anterior, reducindo-se as diferenzas cada ano máis cos de obra ou servizo determinado, que como dixemos anteriormente seguen sendo os máis numerosos.

Os contratos a tempo parcial de duración determinada son os terceiros máis numerosos; cun incremento do 6,25% en 2000 sitúan-se nos 118.873; son contratos, como veremos máis adiante, feitos sobretudo a mulleres.

O resto das modalidades de contratación de duración temporal son pouco significativas en termos cuantitativos, aínda que salienta o forte incremento que rexistraron algunhas delas como a temporal para minusválidos, que aumentou un 46,8% pero da cal só se rexistraron 326 contratos.

Se nos centramos na duración dos contratos, un ano máis temos que destacar a reducida duración destes. Tendo en conta todas as modalidades de contratación de duración temporal, o 23,74% teñen unha duración inferior ao mes, un 13,5% duran entre 1 e 3 meses e un 15% de 3 a 6 meses. En conxunto, os de menos de 6 meses son o 52,27% do total.

O 23,7% dos contratos duran menos de 1 mes

3.2

A taxa de paro da mocidade está no 30%

No que atinxe á poboación parada produciu-se un descenso desta do 5,9%, o que implicou reducir a taxa de paro nun punto e medio pasando do 16,2% ó 14,7%; mália o cal as diferenzas por sexos e grupos de idade seguen mantendo-se, tal e como demostran os datos do cadro que achegamos a seguir:

Evolución das taxas de paro por sexo e idade.						
	1999			2000		
	Homes	Muller	Total	Homes	Muller	Total
De 16 a 19 anos	26,4	45,0	33,2	26,2	44,1	32,0
De 20 a 24	21,5	42,5	30,8	18,1	40,7	28,1
De 25 a 54	10,0	22,3	15,2	8,9	19,8	13,5
De 55 e máis	8,7	6,0	7,5	9,6	6,5	8,2
Total	11,4	22,7	16,2	10,4	20,7	14,7

Fonte: Enquisa de Poboación Activa, datos en tanto por cento. Médias anuais.

Persisten unhas taxas de paro excesivamente elevadas entre os máis novos e entre as mulleres. Para o grupo dos máis novos, os menores de 19 anos, as taxas de paro andan por volta do 32%; o 44,1% no caso das mulleres. No seguinte tramo de idade, de 20 a 24 anos, produce-se un lixeiro descenso até o 28,1% de media, igualmente moi superior no caso das mulleres que alcanza o 40,7% fronte ao 18,1% no caso dos homes.

De media a taxa de paro feminina duplica a masculina, 20,7% fronte ao 10,4% entre os homes.

A maioría dos fogares galegos presentan dificultades para chegar a fin de mes

Recentemente, o Instituto Galego de Estatística publicou a “Enquisa de condicións de vida das familias”. Do dito traballo podemos extrair unhas conclusións nada satisfactorias sobre como viven a maioría das familias galegas.

Se comezamos dando datos sobre a situación económica dos fogares, vemos que o 60% destes teñen, cando menos, dificultade para chegar a fin de mes. Aínda que existen lixeiras diferenzas por provincias, nas catro hai coincidencia en que máis da metade dos fogares teñen problemas para rematar o mes.

Fogares segundo o grao de dificultade para chegar a fin de mes					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galiza
Con moita dificultade	16.2	14.4	13.7	18.8	16.4
Con dificultade	42.2	38.7	42.2	47.1	43.2
Con facilidade	39.1	45.0	42.9	32.0	38.2
Con moita facilidade	2.4	1.9	1.2	2.1	2.1
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Dados en %.

A Coruña e Pontevedra son as provincias onde existen maior número de fogares con moita dificultade para chegar a fin de mes, pero tamén onde hai máis con moita facilidade para rematar o mes. Lóxico, xa que nas dúas provincias do interior é onde a poboación está máis avellentada polo que, xeralmente, a xente maior de ingresos baixos ten tamén un nivel de consumo moi inferior nestas provincias ao ter o tema de vivenda resolto e parte do alimentario, xa que son na maioría habitantes do rural.

Na provincia de Pontevedra é onde se concentra o maior número de familias con moita dificultade para chegar a fin de mes, sendo a única provincia que está por riba da media, concretamente en máis de dous puntos (16,4% de media en Galiza e 18,8% en Pontevedra). Se sumamos os dous primeiros tramos acadan o 66% o número de fogares con problemas.

Segue-lle A Coruña, onde o 58,4% das familias tamén teñen dificultades para rematar o mes sen problemas económicos.

Con moita facilidade sómente o 2,1% das familias galegas rematan o mes. Neste caso, son as provincias do interior, Lugo e Ourense, onde a porcentaxe de familias é menor.

A existencia deste tipo de problemas económicos é comprensible á vista dos datos da táboa que ofrecemos a continuación:

Fogares segundo o intervalo de ingresos netos mensuais %					
Intervalo de ingresos	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galiza
Menos de 40.000 pta.	1.8	2.1	2.4	1.9	1.9
De 40.000 a 70.000 pta.	12.8	16.5	16.9	10.8	13.3
De 70.001 a 140.000 pta.	26.5	28.2	36.8	30.0	29.3
De 140.001 a 210.000 pta.	26.9	24.8	21.1	27.2	25.9
De 210.001 a 350.000 pta.	22.2	18.6	16.9	22.3	21.0
De 350.001 a 490.000 pta.	5.8	7.3	3.0	5.0	5.4
Máis de 490.000 pta.	3.9	2.5	2.9	2.9	3.3
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias. Dados en %.

Existe unha porcentaxe moi grande de familias galegas con ingresos inferiores ás 140.000 pesetas ao mes, é dicir, con ingresos inferiores a dúas veces o salario mínimo interprofesional; concretamente, para a media galega, o 44,5% das familias galegas non acadan estes ingresos.

As diferenzas por provincias tamén son importantes. Neste caso as provincias de Lugo e Ourense son as que presentan a porcentaxe maior de familias con baixos ingresos; sobretudo Ourense, onde o 56% das familias non acadan as 140.000 pesetas mensuais. Isto é compatíbel cos datos da táboa anterior sobre grao de dificultade de chegar a fin de mes, xa que como dixemos anteriormente, nestas provincias viven moitas familias no rural e teñen o tema da vivenda solucionado e parte da alimentación, o cal permiten que cheguen a fin de mes sen grandes dificultades. Outro tema son as condicións en que viven.

Con ingresos inferiores ás 40.000 pesetas viven preto do 2% das familias galegas; isto é falar de extrema pobreza. Se lle sumamos o seguinte intervalo, é dicir, con ingresos inferiores ás 70.000 pesetas, obtemos o 15,2% dos fogares galegos.


O 15,2% das familias galegas viven con menos de 70.000 pesetas mensuais

Polo contra, con ingresos superiores ás 350.000 pesetas só viven os 8,7% das familias, que se reduce a un 3,3% se falamos de rentas superiores ao medio millón de pesetas.

Outros datos de interese que reflecte a enquisa son os refereridos ao tipo de ingresos. Así vemos como o 40,3% das familias galegas só teñen ingresos de traballo e un 29,7% só de pensións. Estas porcentaxes inverten-se na provincia de Ourense; nesta o 40,1% das familias só teñen ingresos de pensións, coas baixas pensións que existen en Galiza é lóxico que esta provincia sexa a que presenta a maior porcentaxe de fogares con ingresos baixos.

A inflación interanual acada no mes de marzo o 3,9%

Para as mesmas datas en Galiza
situa-se no 3,6%.



¹ Os pagos totais refiren-se a méias anuais.